

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 5 DE ABRIL DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día cinco de abril de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 29 de marzo de 2022

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 29 de marzo de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde de 17 de marzo de 2022, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento PL400A). (Diario Oficial de Galicia número 62, do 30 de marzo de 2022).

- Resolución da excma. Deputación provincial da Coruña. Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FO106: convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte. Figura como beneficiario o Concello de Cambre, co obxecto "mantemento de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2022

persoal técnico deportivo”, cun importe de subvención de 15.000,00 euros. (Boletín Oficial de Provincia número 62, do 31 de marzo de 2022).

- Resolución da excma. Deputación provincial da Coruña. Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FO206: convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2022. Figura como beneficiario o Concello de Cambre, co obxecto “mantemento de persoal técnico en xestión cultural”, cun importe de subvención de 15.000,00 euros. (Boletín Oficial de Provincia número 62, do 31 de marzo de 2022).

- Anuncio excma. Deputación provincial da Coruña, Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego, pola que se dispón avocar a aprobación das bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixido ás agrupacións, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia da Coruña de concellos de menos de 50.000 habitantes para a adxudicación de equipamento de emerxencias durante o exercicio 2022 e aprobar as ditas bases. (Boletín Oficial da Provincia número 65, do 5 de abril de 2022).

- Anuncio excma. Deputación provincial da Coruña, Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego, pola que se dispón avocar a aprobación das bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixido ás agrupacións, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia da Coruña de concellos de menos de 50.000 habitantes para actividades durante o exercicio 2022 e aprobar as ditas bases. (Boletín Oficial da Provincia número 65, do 5 de abril de 2022).

3º. Expedientes de contratación

3.1. Proposta de aprobación do Plan de Xestión de Residuos presentados pola empresa *Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.* adxudicataria da obra “Acondicionamiento do entorno e da planta semisoto do local social de Meixigo, Cambre” Expediente: 2021/C002/000207

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2021/C002/00207 para a contratación da obra “Acondicionamiento do entorno e da planta semisoto do local social de Meixigo, Cambre” Expediente: 2021/C002/000207

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 07 de decembro de 2021 polo que se adxudicou a obra á empresa “*Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.*”

Visto o plan de Xestión de Residuos (P.G.R.), presentado pola empresa adxudicataria, con data de 23/03/2022 e número de rexistro de entrada 202199900001506.

Visto o informe favorable emitido con data 30 de marzo de 2022 pola Arquitecta Técnica Municipal, directora de obra e responsable do contrato.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante

Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa “Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.”, adxudicataria da obra “Acondicionamiento do entorno e da planta semisoto do local social de Meixigo, Cambre”.Expediente: 2021/C002/000207.

Segundo: Notificar este acordo á empresa “Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.” facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Terceiro: Notifíquese á Arquitecta Técnica Municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 25 ao 31 de marzo do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 493/2022 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 562/2022, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
493/2022	25-03-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 29 de marzo de 2022
494/2022	25-03-2022	Expediente de incorporación de remanentes 10/2022
495/2022	25-03-2022	Expediente de incorporación de remanentes 9/2022
496/2022	25-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: FLCV
497/2022	25-03-2022	Devolución aval presentado para construír unha da vivenda



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		unifamiliar illada na rúa Sixto. Propiedade: IVM e ACL
498/2022	25-03-2022	Delegación de funcións da Alcaldía dende o día 28 ao 30 de marzo de 2022
499/2022	25-03-2022	Incorporación de remanentes 11/2021
500/2022	25-03-2022	Axudicación do CM para o subministración de artigos de ferretería para o desenvolvemento do curso de soldadura do Plan AFD 2021-2022
501/2022	28-03-2022	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 31 de marzo de 2022
502/2022	28-03-2022	Aprobación de facturas, recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 103.047,25 euros
503/2022	28-03-2022	Aprobación de certificación correspondente á obra "mantemento de elementos de madeira nos asentos das gradas do teatro do parque da Igrexa, Cambre", recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 16.093,00 euros, así como o seu pagamento
504/2022	28-03-2022	Aprobación de certificacións da obra "ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduil e A Pena (plan único de concellos), POS+ 2020, recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a facturas por importe de 14.370,01 euros, así como o seu pagamento
505/2022	28-03-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes a certificacións da obra "mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis, POS 2020 adicional II-e facturas por importe total de 55.539,00 euros
506/2022	28-03-2022	Orde de execución por vertido de augas residuais ao camiño público procedente da empresa MN en Lendoiro, Barcala, Cambre
507/2022	28-03-2022	Conceder a licenza de vao permanente para o acceso ao garaxe particular vinculado a vivendas situado na rúa Curros Enríquez con acceso pola rúa Ramón Cabanillas, parroquia do Temple. Solicitante: GAG
508/2022	28-03-2022	Conceder a licenza de vao rescatada do ano 2013 para o acceso ao garaxe do edificio sito na rúa Estanque, rúa Luis Pimentel, parroquia do Temple. Solicitante: CdeP
509/2022	28-03-2022	Conceder a licenza municipal para a ocupación de 40 m ² de vía pública polo prazo de 1 mes fronte ao edificio sito na rúa Río Brexa, Cambre, para instalar unha caseta e estada con motivo das obras de acondicionamento da cuberta e da fachada do citado edificio. Solicitante: R, S.L.
510/2022	28-03-2022	Reposición legalidade urbanística a RIGC e MJLL pola execución de obras no anexo á edificación principal e a instalación dunha pérgola metálica na parcela sita na Cabana, Anceis
511/2022	28-03-2022	Ordenar aos herdeiros de HGG que rozen a maleza existente na finca sita na rúa Sixto, Cambre
512/2022	28-03-2022	Aprobación de recoñecemento de obrigas correspondente á factura certificación num 1 da obra "realización de actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopan no Camiño de Santiago" por importe de 19.069,60 euros
513/2022	29-03-2022	Incorporación de remanentes 12/2022
514/2022	29-03-2022	Revisión ano 2022 bonificacións auga tarifas B e C



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

515/2022	29-03-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
516/2022	29-03-2022	Aprobación de certificación correspondente á obra "ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduil e A Pena (plan único de concellos) POS+ 2020, recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 17.861,90 euros, así como o seu pagamento
517/2022	29-03-2022	Expediente sancionador pola existencia de acopio, no camiño público 1C.1.0237 procedente das tallas, depósito, carga e transporte de madeira no lugar da Piñeiro, Cecebre, sen autorización, MI
518/2022	30-03-2022	Solicitude subvención proxecto anual de servizos sociais comunitarios básicos 2022
519/2022	30-03-2022	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de febreiro de 2022, recoñecemento, liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de marzo de 2022
520/2022	30-03-2022	Certificación de obras de "acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, Cambre"
521/2022	30-03-2022	Aprobación de factura e certificación núm 1 e última da obra "mellora vestiarios campo fútbol municipal Lendoiro – Barcala"
522/2022	30-03-2022	Conceder a licenza para instalar unha terraza consistente en 15 mesas durante o ano 2022 fronte á cafetería situada na praza de Manuel Lugrís, parroquia do Temple. Solicitante: GS, S.L.U.
523/2022	30-03-2022	Recoñecer obrigas a prol de HS, S.L. en concepto de compensación polo desequilibrio económico relativo ao período de outubro a decembro de 2021 correspondente ao período de ampliación do contrato derivado tanto da redución de ingresos como do incremento dos gastos soportados a causa da situación da COVID 19
524/2022	30-03-2022	Adxudicación da praza de auxiliar administrativo na área de Cultura (concurso 2018)
525/2022	30-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MCA
526/2022	30-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: RCEM
527/2022	30-03-2022	Denegar a axuda emerxencia social recibo aluguer por constar avalista no contrato. Solicitante: MCPS
528/2022	30-03-2022	Aprobación de facturas, recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total 21.691,64 euros
529/2022	30-03-2022	Licenza segregación para cesión a viais no lugar Igrexa promovido por M ^a delCMG
530/2022	30-03-2022	POS + 2020 principal - renovación da rede de abastecemento en Corgo, Outeiro e Bandedó, parroquia de Brexo-Lema
531/2022	30-03-2022	Denuncia a PES, S.L. por construción de nave sen axustarse á licenza concedida en exp. 01/128/01, na rúa Bell
532/2022	30-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: EAFF



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

533/2022	30-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social recibo aluguer por importe de 290 euros. Solicitante: RMAM
534/2022	30-03-2022	Denuncia a PES, S.L. por construción de nave sen axustarse á licenza concedida en exp. 01/129/01, na rúa Bell
536/2022	30-03-2022	Expediente de incorporación de remanentes 13/2022
537/2022	30-03-2022	Corrección de erros da resolución 519/2022, de aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de febreiro de 2022, recoñecemento, liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de marzo de 2022
535/2022	31-03-2022	Concerto Sementeira "A nosa música - Composicións galegas do s. XXI" sábado 2 abril 2022
538/2022	31-03-2022	Aprobación de certificación correspondente á obra "rectificación de pendentes para mellora da accesibilidade no paseo marítimo do Temple", recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 10.998,90 euros, así como o seu pagamento
539/2022	31-03-2022	Aprobación de certificación correspondente á obra "actuación de renovación integral dos parques infantís de Brexo-Lema e Santa María de Vigo, recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 2.900,38 euros, así como o seu pagamento
540/2022	31-03-2022	Arquivo de actuacións expediente de reclamación número 2021/X999/000183, polo pago de 1.436,20 euros, IVE incluído, cantidade reclamada por danos ocasionados en farol de iluminación pública municipal na carretera Cambre-Temple, á altura do número 21, Cambre, debido ao impacto da porta traseira do camión marca DAF, modelo FA LF 55280, con placas de matrícula 8625FRJ, o día 2 de febreiro de 2021.
541/2022	31-03-2022	Reclamación de danos en dúas tapas de saneamento, á altura da Pena da Nosa Señora, por tractorista que realizaba labores de roza nunha finca privada, o 3 de outubro de 2020
542/2022	31-03-2022	Contrato menor para a reforma e ampliación de local social da parroquia de Andeiro
543/2022	31-03-2022	Arquivo de actuacións expediente de reclamación número 2021/X999/000020, polo pago de 936,88 euros, IVE incluído, cantidade reclamada por danos ocasionados en salva cunetas, á altura do P.K. 5+000 da estrada AC-214, debido ao choque do camión-furgón, o día 28 de decembro de 2020
544/2022	31-03-2022	Arquivo de actuacións expediente de reclamación número 2021/X999/000052, polo pago de 423,74 euros, IVE incluído, cantidade reclamada por danos ocasionados en farol de iluminación pública situado á altura do número 39 de Anceis, pola talla dun eucalipto que se precipitou desde o monte terreo próximo ao farol, o día 15 de xaneiro de 2021
545/2022	31-03-2022	Arquivo de actuacións no expediente de reclamación número 2021/X999/000051, polo pago de 1.030,04 euros, IVE incluído, cantidade reclamada polos danos ocasionados en farol de iluminación pública no entorno da praza Miguel Angel Blanco, O Temple, Cambre, o día 15 de xaneiro de 2021, debido ao choque da

		furgoneta
546/2022	31-03-2022	Conceder o anticipo ao policía local e funcionario de carreira do Concello de Cambre DRV
547/2022	31-03-2022	Aprobacion de facturas con reparos
548/2022	31-03-2022	Aprobacion de facturas
549/2022	31-03-2022	Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña durante o ano 2022 (FO221/2022)
550/2022	31-03-2022	Licenza de edificación para construír unha vivenda e piscina nas Insuas, Cambre. Solicitante: SACH
551/2022	31-03-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras en Aián, Sigrás, consistentes en derrubamento no interior da edificación principal (acopio de entullos no interior da parcela con existencia dun contador para a súa xestión) pavimentación diversas zona. Titular: NCF
552/2022	31-03-2022	Expediente sancionador polo derrubamento parcial interiores da edificación principal parcela situada en Aián, Sigrás, e diversas pavimentacións (pedra natural e formigón diversas zona. Titular: NCF
553/2022	31-03-2022	Expediente sancionador polo derrubamento da totalidade da vivenda unifamiliar en Altamira, Anceis. Propiedade: JMVF e NMVR
554/2022	31-03-2022	Concesión, denegación e revogación de bonificacións da cota da taxa por subministración de auga e da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola depuración, para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o pagador da póliza de aboamento ostente a condición de familia numerosa (1º trimestre)
555/2022	31-03-2022	Revogación da concesión das bonificacións do 100% nas taxas pola subministración de auga e polo servizo de rede de sumidoiros (ano 2022)
562/2022	31-03-2022	Concesión, denegación e revogación da bonificación do 100% nas taxas por subministración de auga e do servizo da rede de sumidoiros e na prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais (1º trimestre 2022)

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental
Verónica Maria Otero López